



COMUNICACIÓN DO 9 DE OUTUBRO DE 2020 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE O ADIAMENTO DE EXAMES POR MOR DA SITUACIÓN SANITARIA DERIVADA DA COVID-19.

Con motivo da situación sanitaria derivada da COVID-19 e logo da publicación do Plan para a transición deica unha nova normalidade do Ministerio de Sanidade que contiña as previsións da recuperación da actividade e as medidas escalonadas para tal finalidade, a Xerencia da Universidade da Coruña publicou unha comunicación con data 4 de maio de 2020 na que comunica que os procesos selectivos convocados correspondentes as ofertas de emprego público dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019 non se celebrarían antes do 1 de outubro de 2020.

Logo de examinar a situación actual da crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19 compre adoptar medidas necesarias para facer fronte o interés xeral.

Porén, tanto dende a Xunta de Persoal como desde ás presidencias dos tribunais de selección, trasládase á Xerencia da UDC a inquedanza das persoas participantes sobre as datas de celebración dos exames correspondentes aos procesos selectivos das ditas OEP's do Persoal de Administración e Servizos.

Así pois, perante esta situación e coa finalidade de achegar certezas e seguridade ás máis de tres mil cincocentas persoas participantes nos sinalados procesos selectivos, a Xerencia co asentemento das presidencias dos tribunais de selección , comunica que non se celebrarán exames derivados deses procesos antes do 1 de marzo de 2021.

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	09/10/2020 13:02:57
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==</a>		



Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	09/10/2020 13:02:57
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/+0DMJD/Iz6ra3UQig/I/BQ==</a>		

